



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES “ ENTROIDO NA LARACHA 2022”**

### **PRIMEIRA –**

É obxecto deste concurso celebrar e fomentar a participación cidadá na festa do Entroido, así como premiar o enxeño e creatividade dos disfraces, adaptando o tipo de concurso á situación epidemiolóxica actual.

### **SEGUNDA –**

Poderán participar todas aquelas persoas que estean **empadroadas** no Concello da Laracha, sen límite de idade.

A temática é libre, reservándose a organización o dereito de non permitir a participación daqueles disfraces desapropiados ou que non presenten un mínimo de calidade, así como aqueles participantes que exhiban palabras ou actitudes que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto.

### **TERCEIRA –**

Cada concursante deberá cubrir en liña o **formulario de participación**, autorizando ao Concello a compartir a imaxe/vídeo nas redes sociais municipais para a participación no concurso. De ser o caso, débese marcar a opción de menor de idade por parte do pai/nai ou titor legal do participante.

A fotografía ou vídeo debe ser orixinal e aparecer nela o/os participante/s no concurso. O vídeo debe ter un máximo de 5 minutos e non se admiten montaxes.

Cada participante poderá facelo soamente nunha das categorías do concurso e cunha única fotografía ou vídeo. Non se permitirá a participación a título individual dunha persoa con dous disfraces diferentes nin tampouco de persoas inscritas no concurso grupal ou comparsas.

O formulario de inscrición estará dispoñible na páxina web do Concello ([www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal)) ata o día 27 de febreiro . A imaxe e o vídeo pode axuntarse directamente no formulario de inscrición ou mediante o seguinte correo electrónico: [cultura@alaracha.gal](mailto:cultura@alaracha.gal). No caso do vídeo, tamén se pode



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

achegar presencialmente no concello cun lapis de memoria . No asunto do correo electrónico debe constar o nome do disfrace, e no corpo do e-mail o nome da persoa ou persoas participantes. O prazo para enviar a fotografía ou vídeo remata o 27 de febreiro de 2022.

Dende o día 28 de febreiro ata o día 3 de Marzo ás 12:00 horas, os usuarios/as das redes poderán darlle “gústame” ás fotos e vídeos que aparecerán no Facebook do Concello (<https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/>).

O Concello resérvase o dereito de utilizar as imaxes presentadas ao concurso exclusivamente para a difusión e promoción do evento.

#### **CUARTA –**

Os premios do concurso concederanse de dous xeitos diferentes:

- **Valoración do Xurado:** Tres premios para cada modalidade (Individual-Infantil, Individual-Adultos, grupos e comparsas). O xurado deberá valorar aspectos como:
  - Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
  - Posta en escena (escenario, atrezzo, fondo...).
  - Detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
  - Elaboración propia/artesanal.
- **Valoración de Facebook:** As tres fotografías e vídeos de cada modalidade (Individual-Infantil, Individual-Adultos, grupos e comparsas) con máis “gústame” serán as premiadas.
- **QUINTA-**

O concurso dividirase en:

#### **Concurso de fotografía:**

- Categoría individual (un compoñente)
  - o Infantil ( ata 12 anos de idade)
  - o Adultos (máis de 12 anos de idade)
- Categoría parellas (Infantil ou/e adulto)



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Categoría grupal (a partir de tres compoñentes)

### Concurso comparsa-vídeo:

- A partir de 5 compoñentes

Os premios establecidos son os seguintes:

### CONCURSO FOTOGRAFÍA

CATEGORÍA	MODALIDADE	PREMIOS	IMPORTE
INDIVIDUAL	INFANTIL (ata 12 anos)	1º PREMIO DE FACEBOOK	60 €
		2º PREMIO DE FACEBOOK	50 €
		3º PREMIO DE FACEBOOK	40 €
		1º PREMIO XURADO	60 €
		2º PREMIO XURADO	50 €
		3º PREMIO XURADO	40 €
	ADULTOS (máis de 12 anos)	1º PREMIO DE FACEBOOK	60 €
		2º PREMIO DE FACEBOOK	50 €
		3º PREMIO DE FACEBOOK	40 €
		1º PREMIO DE XURADO	60 €
		2º PREMIO DE XURADO	50 €
		3º PREMIO DE XURADO	40 €
PARELLAS	INFANTIL OU/E ADULTO	1º PREMIO DE FACEBOOK	75€
		2º PREMIO DE FACEBOOK	60€
		3º PREMIO DE FACEBOOK	50€
		1º PREMIO DE FACEBOOK	75€
		2º PREMIO DE FACEBOOK	60€
		3º PREMIO DE FACEBOOK	50€



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

<b>GRUPOS</b>	(3 ou máis compoñentes)	<b>1º PREMIO DE FACEBOOK</b>	<b>150 €</b>
		<b>2º PREMIO DE FACEBOOK</b>	<b>100 €</b>
		<b>3º PREMIO DE FACEBOOK</b>	<b>75 €</b>
		<b>1º PREMIO DE XURADO</b>	<b>150 €</b>
		<b>2º PREMIO DE XURADO</b>	<b>100 €</b>
		<b>3º PREMIO DE XURADO</b>	<b>75 €</b>

### CONCURSO COMPARSA VÍDEO

<b>CATEGORÍA</b>	<b>MODALIDADE</b>	<b>PREMIOS</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>VÍDEO</b>	<b>COMPARSA</b> (5 ou + compoñentes)	<b>1º PREMIO DE FACEBOOK</b>	<b>250€</b>
		<b>2º PREMIO DE FACEBOOK</b>	<b>150€</b>
		<b>3º PREMIO DE FACEBOOK</b>	<b>100€</b>
		<b>1º PREMIO DE XURADO</b>	<b>250€</b>
		<b>2º PREMIO DE XURADO</b>	<b>150€</b>
		<b>3º PREMIO DE XURADO</b>	<b>100€</b>

#### **SEXTA-**

O xurado estará composto por membros nomeados pola Concellería de Cultura. O seu fallo será inapelable.

A valoración farase pública o xoves 3 de Marzo.

O xurado resérvase o dereito a deixar deserto algún dos premios se considera que a falta de calidade dos disfraces así o fai necesario.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SÉTIMA –**

A listaxe de premiados publicarase na páxina web do Concello ([www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal)) e no Facebook o día 3 de marzo . Cada participante poderá gañar ata dous premios, un do xurado e outro do concurso de Facebook.

**OITAVA –**

O pagamento dos premios farase por transferencia bancaria. Unha vez finalizado o concurso, o Concello porase en contacto coas persoas premiadas para requirirlles o número de conta bancaria.

Os premios concedidos enténdense que son importes líquidos descontando a retención de IRPF no caso en que corresponda segundo o regulamento.

**NOVENA-**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

Asina dixitalmente o Alcalde, José Manuel López Varela